

## **BASES III CONCURSO DE “TAPAS EN OUTES” 2024**

O Concello de Outes convoca o III concurso de Tapas en Outes para dar a coñecer a gastronomía e produtos da contorna a través da “mellor tapa” entre todos os establecementos hostaleiros. O concurso desenvolverase durante as seguintes datas (22-23-24 e 29-30 de novembro y 1 de decembro) en horario de (12.30 a 14.00 e de 19.30 a 21.30 h). Os venres soamente en horario de tarde.

Establecese un prezo de venta de 2,00 € para cada tapa cun prezo de custo de 1,50 € e deberán ser aceptadas as seguintes bases:

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.-**

Poderán participar neste concurso todos os establecementos de hostalería e restauración do Concello de Outes que se adscriban a este proxecto. A inscrición nesta actividade supón a aceptación das presentes condicións de participación, así como de eventuais instrucións que adopte a organización.

#### **SEGUNDA.-**

As tapas teñen que estar realizadas con produtos da gastronomía local e deberán servirse á media mañá e á tardiña dos días sinalados.

Os participantes deberan cumprimentar unha folla de inscrición, na que se reflectirá o nome da tapa coa que o establecemento vai concursar.

#### **TERCEIRA.-**

Para participar neste concurso deberán inscribirse antes das 14.00 horas do día 28 de outubro de 2024 nos seguintes contactos e enviar unha foto da tapa antes do 10 de novembro.

Entrega da FICHA de INSCRIPCIÓN no Concello de Outes, Oficina de Desenvolvemento Local ou Turismo de Outes turismo@outes.gal ou a través do grupo de whatsapp.

#### **CUARTA.-**

Para a valoración da tapa dos distintos establecementos hostaleiros empregarase o seguinte sistema de VOTACIÓN:

**VOTACIÓN XURADO PROFESIONAL:** O Concello en colaboración coa Asociación de Hostalaría da Ría de Muros e Noia nomeará a un xurado composto por profesionais do sector do xeodestino da

Este xurado visitará os establecementos durante as datas e horarios do concurso e fará as valoracións individualmente.

O xurado fará a súa avaliación tendo en conta os seguintes parámetros:

- Presentación e creatividade da tapa. 40%
- Sabor. 30%
- Utilización de produto local. 30%

Unha vez valoradas gardaranse os seus votos ata o último día do concurso en sobres pechados.

**VOTACIÓN POPULAR:** os cidadáns poderán elixir a mellor tapa da hostalería a través da súa votación nas urnas habilitadas en cada local participante. Os votos emitidos suporán o 50% do voto final.

Emitirase un **PASAPORTE** único para todas as votacións que se irá validando en cada un dos establecementos co selo do local e haberá un espazo para a valoración das diferentes tapas.

Este Pasaporte será depositado en calquera dos locais unha vez se cumpla co referido na cláusula quinta.

O gañador sairá deste proceso.

#### **QUINTA.-**

Para animar a participación cidadá, sortearase unha cea para dúas persoas por valor de 150 € entre todos os participantes que realicen o seu voto nas urnas habilitadas.

A cea será realizada en calquera dos locais participantes no Concurso de Tapas.

Para poder participar no sorteo o PASAPORTE deberá ter un mínimo do 50% dos locais participantes validados.

#### **SEXTA.-**

Ao local gañador entregaráselle un PREMIO por ser a mellor tapa do II Concurso de “Tapas en Outes” que consistirá nunha placa conmemorativa e un bono de Comercio local de 150 €.

#### **SÉTIMA.-**

**OITAVA.-**

O evento será publicado nas diferentes redes sociais e páxinas web. O nome dos establecementos participantes figurarán nos folletos de difusión ao público en xeral.

Realizarase un cartel publicitario do Concurso, un Flyer con todos os participantes, onde conste o nome da tapa e a valoración que se lle outorga. (1-5). Todos os participantes deberán cubrir o flyer e depositalo na urna.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a organización informa que os datos que se faciliten para participar nesta promoción, xunto cos que se comuniquen no caso de resultar premiado, son necesarios para participar na promoción e serán destruídos unha vez finalizada a mesma.

Calquera dúbida será atendida polo Concello de Outes.